

II PLAN DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

II PLAN DE IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES

CONCELLO DE LUJO

■ **DESEÑO E MAQUETACIÓN**

*DISEÑO Y MAQUETACIÓN*

Punto G Publicidade

■ **IMPRESIÓN**

*IMPRESIÓN*

Unicopia Artes Gráficas

■ **DEPÓSITO LEGAL**

*DEPÓSITO LEGAL*

LU-181-2005

■ **EDITA**

*EDITA*



**Concello de Lugo**

Concellería de Muller  
e Benestar Social



Casa da Muller  
Concellería da Muller



LU9019UAL



Síntome especialmente orgulloso por participar, como responsable político lucense, na elaboración deste II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo.

É a evidencia clara de que a nosa aposta pola igualdade, dende a responsabilidade que nos deu a cidadanía, foi e seguirá a ser a motivación da nosa política social.

A igualdade, como definición práctica, podería ser a *ausencia de total discriminación entre os seres humanos, no que se refire aos seus dereitos*.

Pero o certo é que nós consideramos que non basta con isto, a igualdade implica moito máis.

Unha sociedade moderna, intelixente, que avanza sen descanso, debe ver a igualdade como unha acción de xustiza e tamén como un motor fundamental de crecemento. De feito, eu estou convencido de que existe unha evidente correlación entre desenvolvemento e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

As mulleres representan a metade da poboación do mundo. O seu nivel de formación medra, e posiblemente ese sexa un dos cambios máis importantes que está a experimentar a sociedade. A muller representa un activo formidable para a economía dun país que aposta por medrar intelixentemente. Pero aínda así, o seu acceso a postos de responsabilidade é moito máis complexo que para un home. Debemos apostar porque isto cambie.

É moito o que se leva andado, pero aínda queda un camiño por percorrer para acadar esa igualdade real. A sociedade, todos e todas nós, está aínda envolta por estereotipos e roles de xénero que sitúan a muller nunha posición de desvantaxe con respecto aos homes. Ademais, temos que mirar a outros países nos que non se deron nin os primeiros pasos.



Me siento especialmente orgulloso por participar, como responsable político lucense, en la elaboración de este II Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres del Concello de Lugo.

Es la clara evidencia de que nuestra apuesta por la igualdad, desde la responsabilidad que nos dio la ciudadanía, fue y seguirá a ser la motivación de nuestra política social.

La igualdad, como definición práctica, podría ser la *ausencia de total discriminación entre los ser humanos, en el que se refiere a sus derechos.*

Pero el cierto es que nosotros consideramos que no basta con esto, la igualdad implica mucho más.

Una sociedad moderna, inteligente, que avanza sin descanso, debe ver la igualdad como una acción de justicia y también como un motor fundamental de crecimiento. De hecho, yo estoy convencido de que existe una evidente correlación entre desarrollo e igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres.

Las mujeres representan la mitad de la población del mundo. Su nivel de formación crece, y posiblemente ese sea uno de los cambios más importantes que está experimentando la sociedad. La mujer representa un activo formidable para la economía de un país que apuesta por crecer inteligentemente. Pero aun así, su acceso a puestos de responsabilidad es mucho más complejo que para un hombre. Debemos apostar porque esto cambie.

Es mucho lo que se lleva andado, pero aún queda un camino por recorrer para conseguir esa igualdad real. La sociedad, todas y todos nosotros, está aún envuelta por estereotipos y roles de género que sitúan la mujer en una posición de desventaja con respecto a los hombres. Además, tenemos que mirar a otros países en los que no se dieron ni los primeros pasos.



Non é sinxelo ese camiño. Homes e mulleres temos que seguir a facer o esforzo necesario e acabar con fendas tan importantes como a da conciliación da vida laboral e familiar. Dende o Concello poñemos todo o que está nas nosas mans para facilitar o papel da muller como nai e profesional traballadora.

Hoxe contamos cunha lei para a Igualdade entre mulleres e homes. É un texto legal que recolle dereitos que non deberían ter que lembrarse, pero que realmente é necesario.

Os datos tan frustrantes e dolorosos da violencia doméstica reflicten dun modo terrible o duro prezo que ten a liberdade, e ten que significar para os homes un grito de “nunca máis” e a procura do abandono de roles machistas.

O Concello de Lugo quere con este II Plan renderlles unha homenaxe a todas esas mulleres que cada día fan mellor esta sociedade, e achegar o seu pequeno gran de area para que, como dicía Stuart Mill, xuntos academos esa perfecta igualdade que non admita poder nin privilexio para uns, nin incapacidade para outros.

*José López Orozco*

ALCALDE DE LUGO

No es sencillo ese camino. Hombres y mujeres tenemos que seguir a hacer el esfuerzo necesario y acabar con carencias tan importantes como la de la conciliación de la vida laboral y familiar. Desde el Concello ponemos todo lo que está en nuestras manos para facilitar el papel de la mujer como madre y profesional trabajadora.

Hoy contamos con una ley para la Igualdad entre mujeres y hombres. Es un texto legal que recoge derechos que no deberían tener que recordarse, pero que realmente es necesario.

Los datos tan frustrantes y dolorosos de la violencia doméstica reflejan de un modo terrible el duro precio que tiene la libertad, y tiene que significar para los hombres un grito de “nunca máis” y la búsqueda del abandono de roles machistas.

El Concello de Lugo quiere con este II Plan rendirles un homenaje a todas esas mujeres que cada día hacen mejor esta sociedad, y acercar su pequeño grano de arena para que, como decía Stuart Mill, juntos consigamos esa perfecta igualdad que no admita poder ni privilegio para unos, ni incapacidad para otros.

*José López Orozco*  
ALCALDE DE LUGO



A pesar dos cambios legais experimentados nos últimos anos, tanto no ámbito autonómico coma estatal, a desigualdade que sofren as mulleres persiste.

As políticas de igualdade, que actúan a través dos plans de igualdade son indispensables para que o avance sexa real e efectivo.

O Concello de Lugo é consciente de que os cambios que deben operarse para acadar a igualdade non é posible conseguilos unicamente dende a Administración, senón que debe implicarse o conxunto da cidadanía como axente activo de transformacións.

O I Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello de Lugo (2005-2007) supuxo unha primeira experiencia de traballo de implementación das políticas de igualdade na nosa cidade. Os datos que recolle a súa avaliación falan da súa ambición. Realizáronse arredor de 200 actuacións nas distintas áreas sobre as que incidiu, o que significa que se desenvolveu o 76,8% das accións propostas. A avaliación ofrece un traballo moi rico e rigoroso na análise dos datos, pero ademais disto gustaríame destacar a dinámica de participación empregada. Tanto na fase de elaboración coma na de implementación, contouse coa participación dun número moi importante de persoas, tanto do propio Concello coma de entidades e asociacións de Lugo. Hai que salientar, neste eido, a creación do Foro de Participación Cidadá en Materia de Igualdade, como órgano colexiado de carácter consultivo e de participación, especialmente das mulleres, na xestión municipal das actuacións enmarcadas dentro do Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello de Lugo.

Teño o enorme pracer de presentar o II Plan de igualdade entre homes e mulleres do Concello de Lugo (2008-2011) que acaba de ser aprobado. Vertébrase sobre o principio de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade, e recolle un total de 120 medidas concretas, estruturadas en nove áreas, con 25 obxectivos, entre eles: formar en materia de igualdade de oportunidades o persoal dos diferentes departamentos municipais; promover a participación social e política das mulleres; impulsar no contorno educativo un cambio de estereotipos e roles de xénero sexistas para acadar a igualdade de



A pesar de los cambios legales experimentados en los últimos años, tanto en el ámbito autonómico como estatal, la desigualdad que sufren las mujeres persiste.

Las políticas de igualdad, que actúan a través de los planes de igualdad son indispensables para que el avance sea real y efectivo.

El Concello de Lugo es consciente de que los cambios que deben operar para conseguir la igualdad no son posibles únicamente por la vía de la administración, sino que debe implicarse el conjunto de la ciudadanía como agente activo de transformaciones.

El I Plan de Igualdad de Oportunidades entre Hombres y Mujeres del Concello de Lugo (2005-2007) supuso una primera experiencia de trabajo de implantación de las políticas de igualdad en nuestra ciudad. Los datos que recoge su evaluación hablan de su ambición. Se realizaron alrededor de 200 actuaciones en las distintas áreas sobre las que se incidió, lo que significa que se desarrollaron el 76,8% de las acciones propuestas. La evaluación ofrece un trabajo muy rico y riguroso en el análisis de datos, pero además de esto me gustaría destacar la dinámica participación empleada. Tanto en fase de elaboración como en la de implementación, se contó con la participación de un número muy importante de personas, tanto del propio Concello como de entidades y asociaciones de Lugo. Hay que destacar, en este campo, la creación del Foro de Participación Ciudadana en Materia de Igualdad, como órgano colegiado de carácter consultivo y de participación, especialmente de las mujeres, en la gestión municipal de las actuaciones enmarcadas dentro del Plan de Igualdad de Oportunidades entre Hombres y Mujeres del Concello de Lugo.

Tengo el enorme placer de presentar el II Plan de Igualdad de Oportunidades entre Hombres y Mujeres del Concello de Lugo (2008-2011) que acaba de ser aprobado. Se basa en el principio de igualdad de oportunidades, no-discriminación y accesibilidad, y recoge un total de 120 medidas concretas, estructuradas en 9 áreas, con 25 objetivos, entre ellos: formar en materia de igualdad de oportunidades al personal de los diferentes departamentos municipales; promover la participación social y política de las mujeres; impulsar en el entorno educativo un cambio de estereotipos y roles de género sexistas para conseguir la igualdad de oportunidades, realizar

oportunidades; realizar accións de sensibilización que amosen a realidade da violencia e as súas diversas manifestacións; sensibilizar a cidadanía en materia de conciliación da vida persoal e laboral e na repartición equitativa das tarefas domésticas e o coidado.

O II Plan de igualdade terá unha especial atención ás mulleres que sofren dobres ou triplas discriminacións (inmigrantes, xitanas, mulleres con diversidade funcional, etc.).

Quixera, finalmente, agradecer as achegas realizadas polos grupos municipais e sindicatos e polas membras e membros do Foro. Todo iso contribuirá a que o II Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres do concello de Lugo sexa máis rico e represente o sentir da maioría da cidadanía de Lugo.

*M<sup>a</sup> del Carmen Basadre Vázquez*  
CONCELLEIRA DE MULLER E SERVIZOS SOCIAIS

acciones de sensibilización que muestren la realidad de la violencia y sus diversas manifestaciones; sensibilizar a la ciudadanía en materia de conciliación de la vida personal y laboral y en el reparto equitativo de las tareas domésticas y el cuidado.

El II Plan de igualdad tendrá una atención especial a las mujeres que sufren dobles o triples discriminaciones (inmigrantes, gitanas, mujeres con diversidad funcional, etc.).

Quisiera, finalmente, agradecer las ideas aportadas por los grupos municipales y sindicatos y por las miembras y miembros del Foro. Todo ello contribuirá a que el II Plan de igualdad de oportunidades entre hombres y mujeres del Concello de Lugo sea más rico y represente el sentir de la mayoría de la ciudadanía de Lugo.

*M<sup>a</sup> del Carmen Basadre Vázquez*  
CONCEJAL DE MUJER Y SERVICIOS SOCIALES



L9019UAL



=



## ■ Introducción

O II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo forma parte do conxunto de políticas que tanto dende o ámbito internacional, europeo, estatal, autonómico como local se impulsan para lograr que a igualdade legal se converta en igualdade real e efectiva. Todas estas políticas contribuíron para sensibilizar a sociedade sobre a non-discriminación en materia de xénero e entender que a igualdade de oportunidades é unha cuestión de xustiza social, fundamental para o desenvolvemento dunha sociedade. Pero os cambios son paulatinos, xa que a igualdade de feito require dunha profunda modificación de actitudes e cambio de mentalidades de axentes sociais, organismos públicos e privados e, en definitiva, de toda a cidadanía.

Todas as políticas de igualdade necesitan integrar a transversalidade de xénero para que toda a sociedade se implique na súa promoción. Coa integración da perspectiva de xénero nas accións e políticas públicas reduciríase o maltrato institucional ao que se ven sometidas algunhas mulleres pola ausencia de transversalidade na programación das ditas accións.

A transversalidade de xénero require vontade e compromiso político para acadar resultados óptimos en todo o Plan. A reorganización dos recursos e medios da Administración pública dirixida a incorporar os obxectivos da igualdade de oportunidades as políticas xerais necesita da incorporación da perspectiva de xénero na propia xestión interna do Concello. Neste sentido, é necesaria unha formación previa das persoas que integrarán a perspectiva de xénero nas accións e actuacións levadas a cabo dende o Concello. É prioritario que as mulleres participen na vida pública e nos procesos de toma de decisións e que a propia Administración se converta nun modelo de respecto á igualdade creando unha cultura de traballo sensible ás diferenzas de xénero coa que poidan identificarse tanto as mulleres coma os homes que traballan con ela.

Tendo en conta estas cuestións, este Plan vértase sobre o principio de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal. Recolle un total de 120 me-

## ■ Introducción

El II Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres del Concello de Lugo forma parte del conjunto de políticas que tanto desde el ámbito internacional, europeo, estatal, autonómico como local se impulsan para lograr que la igualdad legal se convierta en igualdad real y efectiva. Todas estas políticas contribuyeron para sensibilizar la sociedad sobre la no discriminación en materia de género y entender que la igualdad de oportunidades es una cuestión de justicia social, fundamental para el desarrollo de una sociedad. Pero los cambios son paulatinos, ya que la igualdad de hecho requiere de una profunda modificación de actitudes y cambio de mentalidades de agentes sociales, organismos públicos y privados y, en definitiva, de toda la ciudadanía.

Todas las políticas de igualdad necesitan integrar la transversalidad de género para que toda la sociedad se implique en su promoción. Con la integración de la perspectiva de género en las acciones y políticas públicas se reducirían al maltrato institucional al que se ven sometidas algunas mujeres por la ausencia de transversalidad en la programación de las citadas acciones.

La transversalidad de género requiere voluntad de compromiso político para conseguir resultados óptimos en todo el Plan. La reorganización de los recursos y medios de la Administración pública dirigida a incorporar los objetivos de la igualdad de oportunidades a las políticas generales necesita de la incorporación de la perspectiva de género en la propia gestión interna del Concello. En este sentido, es necesaria una formación previa de las personas que integrarán la perspectiva de género en las acciones y actuaciones llevadas a cabo desde el Concello. Es prioritario que las mujeres participen en la vida pública y en los procesos de toma de decisiones y que la propia Administración se convierta en un modelo de respeto a la igualdad creando una cultura de trabajo sensible a las diferencias de género con la que puedan identificarse tanto las mujeres como los hombres que trabajan con ella.

Teniendo en cuenta estas cuestiones, este Plan se desarrollará sobre el principio de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal. Recoge un total de 120 me-



didias concretas para acadar os 25 obxectivos que se van levar a cabo no conxunto das nove áreas de intervención consideradas. Para o seu desenvolvemento tamén se contará coa colaboración transversal de entidades de carácter non municipal: consellerías, Vicepresidencia a través da Secretaría Xeral de Igualdade, organizacións sindicais, Servizo Galego de Igualdade, etc.

Este Plan pretende avanzar na eliminación de obstáculos que impiden ás mulleres acceder a todos os ámbitos da sociedade co mesmo nivel de responsabilidade, facendo especial fincapé nas mulleres que sofren dobres ou triplas discriminacións (inmigrantes, xitanas, discapacitadas, privadas de liberdade, prostituídas, monomarentais, drogodependentes, etc.), fomentando unha representación paritaria na vida social, económica e política do municipio para a procura da igualdade entre mulleres e homes de Lugo.

## CASA DA MULLER



didias concretas para conseguir los 25 objetivos que se van a llevar a cabo en el conjunto de las nueve áreas de intervención consideradas. Para su desarrollo también se contara con la colaboración transversal de entidades de carácter no municipal: conserjerías, Vicepresidencia a través de la Secretaria General de Igualdad, organizaciones sindicales, Servicio Gallego de Igualdad, etc.

Este Plan pretende avanzar en la eliminación de obstáculos que impiden a las mujeres acceder a todos los ámbitos de la sociedad con el mismo nivel de responsabilidad, haciendo especial hincapié en las mujeres que sufren dobles o triples discriminaciones (inmigrantes, gitanas, discapacitadas, privadas de libertad, prostitutas, monoparentales, drogodependientes, etc.), fomentando una representación paritaria en la vida social, económica y política del municipio para procurar la igualdad entre mujeres y hombres de Lugo.

CASA DA MULLER



## ■ Fundamentación

Un plan de igualdade é un conxunto de medidas de igualdade coas que se pretenden erradicar a desigualdade entre as mulleres e os homes nos diversos ámbitos –económico, social, cultural, etc... Concíbese como un proceso para lograr un cambio, mellorando a realidade actual, na medida das posibilidades, con actuacións concretas no eido local.

O II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Lugo elaborouse partindo da situación das mulleres no concello da información recollida na avaliación do anterior Plan de igualdade 2005-2007 e contando coa participación e implicación das distintas áreas municipais e do tecido social. Ademais, tivéronse en conta diversos marcos normativos no ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico e municipal.

### **No ámbito internacional existen diversas declaracións e tratados, entre outros:**

- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).
- A Declaración das Nacións Unidas sobre a eliminación da discriminación contra a muller (1967).
- A Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (1993).

As conferencias de Copenhague (1980), de Nairobi (1985) e de Beijing (1995) impulsaron cambios de grande índole contra a discriminación das mulleres.

### **No ámbito comunitario:**

- Quinto Programa de acción comunitaria para a igualdade de oportunidades (2001-2006).

### **No ámbito estatal:**

- A Constitución española recolle nos artigos 14 e 9 que a igualdade de oportunidades é un principio fundamental, e sinala que lles corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e igualdade das persoas sexa real.
- IV Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2003-2006).

## ■ Fundamentación

Un plan de igualdad es un conjunto de medidas de igualdad con las que se pretenden erradicar la desigualdad entre las mujeres y los hombres en los diversos ámbitos –económico, social, cultural, etc.-. Se concibe como un proceso para lograr un cambio, mejorando la realidad actual, en la medida de las posibilidades, con actuaciones concretas de ámbito local.

El II Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres del Concello de Lugo se elaboro partiendo de la situación de mujeres en el Concello de la información recogida en la evaluación del anterior Plan de igualdad 2005-2007 y contando con la participación e implicación de las distintas áreas municipales y del tejido social. Además, se tuvieron en cuenta diversos marcos normativos en el ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico y municipal.

### **En el ámbito internacional existen diversas declaraciones y tratados, entre otros:**

- La Declaración Universal de los Derechos Humanos (1948).
- La Declaración de las Naciones Unidas sobre la eliminación de la discriminación contra la mujer (1967).
- La Convención sobre la eliminación de todas las formas de discriminación contra la mujer (1993).

Las conferencias de Copenhague (1980), de Nairobi (1985), y de Beijing (1995) impulsaron cambios de grande índole contra la discriminación de las mujeres.

### **En el ámbito comunitario:**

- Quinto Programa de acción comunitaria para la igualdad de oportunidades (2001-2006).

### **En el ámbito estatal:**

- La Constitución española recoge en los artículos 14 y 9 que la igualdad de oportunidades es un principio fundamental, y señala que les corresponde a los poderes públicos promover las condiciones para que la libertad e igualdad de las personas sea real.
- IV Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres (2003-2006).

- Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

#### **No ámbito autonómico:**

- V Plan do Goberno galego para a igualdade entre mulleres e homes 2007-2010.
- Lei galega 11/2007, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.
- Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na comunidade autónoma de Galicia.

#### **No ámbito municipal:**

- I Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Lugo. Constitúe un elemento de vital importancia para un adecuado impacto sobre a situación das mulleres e contribúe ao seu empoderamento e das asociacións que integran.

## **■ Liñas estratéxicas do Plan de igualdade**

As liñas estratéxicas prioritarias que vertebran o II Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do concello de Lugo 2008-2011 son as seguintes:

- **Transversalidade.** Incorporación da igualdade entre mulleres e homes en todas as políticas, programas e actuacións do Concello. A transversalidade de xénero require que a vontade e compromiso firmes a nivel político remedie non soamente as desigualdades existentes entre mulleres e homes, senón tamén abordar as razóns polas que existen estes desequilibrios.
- **Accesibilidade.** Garantir o acceso en igualdade de todas as mulleres á información e aos recursos públicos e privados sen prexuízo dos axustes razoables que deban adoptarse.
- **Participación e empoderamento.** Favorecer, a través de obxectivos e accións concretas,

- Ley 51/2003, del 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no-discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad.
- Ley orgánica 1/2004, del 28 de diciembre, de medidas de protección integral contra la violencia de género.
- Ley orgánica 3/2007, del 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.

#### **En el ámbito autonómico:**

- V Plan del Gobierno gallego para la igualdad entre mujeres y hombres 2007-2010.
- Ley gallega 11/2007, para la prevención y tratamiento integral de la violencia de género.
- Ley 2/2007, del 28 de marzo, del trabajo en igualdad de las mujeres de Galicia.
- Ley 7/2004, para la igualdad de mujeres y hombres en la comunidad autónoma de Galicia.

#### **En el ámbito municipal:**

- I Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres del Concello de Lugo. Constituye un elemento de vital importancia para un adecuado impacto sobre la situación de las mujeres y contribuye a su aprovechamiento y de las asociaciones que integran.

## **■ Líneas estratégicas del Plan de igualdad**

Las líneas estratégicas prioritarias que componen el II Plan de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres del Concello de Lugo 2008-2011 son las siguientes:

- **Trasversalidad.** Incorporación de la igualdad entre mujeres y hombres en todas las políticas, programas y actuaciones del Concello. La transversalidad de género requiere que la voluntad y compromiso firmes a nivel político remedie no solo las desigualdades existentes entre mujeres y hombres, sino también abordar las razones por las que existen estos desequilibrios.
- **Accesibilidad.** Garantizar el acceso en igualdad a todas las mujeres a la información y a los recursos públicos y privados sin perjuicio de los ajustes razonables que se deban adoptar.
- **Participación y aprovechamiento.** Favorecer, a través de objetivos y acciones concretas, una

unha presenza equilibrada entre homes e mulleres nos espazos públicos, espazos de decisión e de participación política e social. A participación é un aspecto esencial xa que a maior participación maior empoderamento e protagonismo das persoas e os grupos sociais.

- Atención ás mulleres pertencentes a colectivos especialmente vulnerables. Mulleres que sofren dobres ou triplas discriminacións como son as mulleres xitanas, inmigrantes, mulleres con discapacidade, prostituídas, monomarentais, privadas de liberdade, etc.

## ■ Metodoloxía

Este Plan elaborouse a partir do traballo realizado polo persoal do Concello de Lugo, da Casa da Muller e da Fundación MUJERES. A metodoloxía empregada para a súa confección foi a seguinte:

- Análise dos documentos de referencia para a elaboración de contidos, consultando os plans xa elaborados a nivel municipal, autonómico e estatal e diversas fontes estatísticas. Tamén se revisou a memoria de avaliación do I Plan de igualdade entre homes e mulleres do Concello de Lugo.
- Recollida de información para coñecer a situación das mulleres do concello en diversos ámbitos. Para iso, consultáronse datos específicos desagregados por sexo.
- Realización de sesións de traballo coas persoas responsables das áreas municipais e entidades locais para recoller as súas achegas de cara a incorporar ao Plan.
- Redacción do documento final.
- Publicación e difusión do Plan.

presencia equilibrada entre hombres y mujeres en los espacios públicos, espacios de decisión y de participación política y social. La participación es un aspecto esencial ya que a mayor participación mayor aprovechamiento y protagonismo de las personas y los grupos sociales.

- Atención a las mujeres pertenecientes a colectivos especialmente vulnerables. Mujeres que sufren dobles o triples discriminaciones como son las mujeres gitanas, mujeres con discapacidad, prostitutas, monomarentales, privadas de libertad, etc.

## ■ Metodología

Este Plan se elaboró a partir del trabajo realizado por el personal del Concello de Lugo, de la Casa de la Mujer y de la Fundación MUJERES. La metodología empleada para su confección fue la siguiente:

- Análisis de los documentos de referencia para la elaboración de contenidos, consultando los planes ya elaborados a nivel municipal, autonómico y estatal y diversas fuentes estadísticas. También se revisó la memoria de evaluación del I Plan de igualdad entre hombres y mujeres del Concello de Lugo.
- Recogida de información para conocer la situación de las mujeres del Concello en diversos ámbitos. Para eso, se consultaron datos específicos desagregados por sexo.
- Realización de sesiones de trabajo con las personas responsables de las áreas municipales y entidades locales para recoger sus ideas de cara a incorporarlas al Plan.
- Redacción del documento final.
- Publicación y difusión del Plan.

## ■ Estrutura participativa

A Comisión de Seguimento do Plan estará constituída por:

- Concelleira ou Concelleiro da Área da Muller
- Persoal técnico da Casa da Muller
- Equipo técnico responsable da asistencia técnica para a execución, seguimento e avaliación do Plan.

Será presidida pola Concelleira da Muller.

Esta Comisión reunirase con carácter trimestral para facer o seguimento técnico-político do Plan.

Por outra banda, a participación no desenvolvemento do Plan articularase a través de tres comisións:

- Técnica. Integrada polo persoal técnico dos distintos servizos municipais.
- Política. Concelleiras e concelleiros das distintas áreas municipais.
- Foro Cidadán. Persoas expertas, organizacións non gobernamentais, sindicatos, asociacións, partidos políticos, centros educativos, etc.

## ■ Seguimento e avaliación

Todo plan de igualdade require unha avaliación desde o seu inicio ata a súa conclusión co fin de coñecer os progresos, tanto cualitativos como cuantitativos, producidos pola súa implantación.

A avaliación continua realizada durante o transcurso da aplicación do plan servirá tanto como instrumento de axuste da planificación inicial á realidade existente, como de análise do grao de cumprimento das accións propostas e para medir o impacto de xénero das ditas actuacións no avance cara á igualdade.



## ■ Estructura participativa

La Comisión de Seguimiento del Plan estará constituida por:

- La Concejala o el Concejale del Área de Mujer.
- Personal técnico de la Casa de Mujer.
- Equipo técnico responsable de la asistencia técnica para la ejecución, seguimiento y evaluación del Plan.

Será presidida por la Concejala de Mujer.

Esta Comisión se reunirá con carácter trimestral para hacer el seguimiento técnico-político del Plan.

Por otra parte, la participación en el desarrollo del Plan se articulará a través de tres comisiones:

- Técnica. Integrada por el personal técnico de los distintos servicios sociales.
- Política. Las Concejales o los Concejales de las distintas áreas municipales
- Foro ciudadano. Personas expertas, organizaciones no gubernamentales, sindicatos, asociaciones, partidos políticos, centros educativos, etc.

## ■ Seguimiento y evaluación

Todo plan de igualdad requiere una evaluación desde su inicio hasta su conclusión con el fin de conocer los progresos, tanto cualitativos como cuantitativos, producidos por su implantación.

La evaluación continua realizada durante el transcurso de la aplicación del plan servirá tanto como instrumento de ajuste de la planificación inicial a la realidad existente, como de análisis del grado de cumplimiento de las acciones propuestas y para medir el impacto del género de dichas actuaciones en el avance hacia la igualdad.

A avaliación ten que ser participativa, consensuada e interactiva, é dicir, han de participar nela tanto as persoas destinatarias da acción como o persoal da súa planificación e execución. Resulta esencial un bo deseño no sistema de recollida de información, do contrario non sería posible avaliar un plan ou programa con garantía.

### **Fases da avaliación**

A avaliación ten un carácter continuo e contempla tres fases:

- Fase inicial. A elaboración do II Plan municipal de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes deseñouse sobre as necesidades existentes na cidade de Lugo ademais de ter en conta a avaliación realizada do I Plan municipal de igualdade, así como as achegas de distintos colectivos, sindicatos, partidos políticos, etc. Así mesmo, utilizáronse como referencia plans de igualdade doutras comunidades autónomas, o plan autonómico e outros documentos de interese.
- Fase de seguimento. Todo o proceso de implementación do Plan permitiranos coñecer o seu desenvolvemento posibilitando a introdución de axustes e correccións “ad hoc” co obxecto de adaptarse a novas circunstancias e/ou solucionar dificultades. Elaboraranse informes mensuais cos indicadores que inicialmente se establezan, así como unha memoria anual.
- Fase final: a avaliación final permitiranos coñecer tanto os resultados obtidos como o grao de execución das accións previstas e o impacto na sociedade. Recollerase información proveniente tanto das persoas destinatarias do Plan como das entidades e persoal técnico responsable da súa execución.

No proceso de avaliación atenderase a diferentes aspectos:

- Resultados: de tipo cuantitativo, fan referencia á execución de cada actividade.
- Desenvolvemento: de tipo organizativo, inclúe a coordinación, a colaboración entre entidades, a eficacia e a eficiencia así como as dificultades detectadas.
- Impacto na sociedade: permite analizar os cambios na sociedade en xeral e nos grupos destinatarios do Plan. Utilizarase un sistema de indicadores desagregado por sexo
- Cobertura: determínase se as necesidades detectadas inicialmente se cubriron e se chegaron as actuacións previstas á poboación á cal fan dirixidas.

La evaluación tiene que ser participativa, consensuada e interactiva, es decir, deben participar en ella tanto las personas destinatarias de la acción como el personal de su planificación y ejecución. Resulta esencial un buen diseño en el sistema de recogida de información, al contrario no sería posible evaluar un plan o programa con garantía

### **Fases de la evaluación**

La evaluación tiene un carácter continuo y contempla tres fases:

- Fase inicial. La elaboración del II Plan municipal de igualdad de oportunidades entre mujeres y hombres se diseñó sobre las necesidades existentes en la ciudad de Lugo teniendo en cuenta además la evaluación realizada del I plan municipal de igualdad, así como las ideas de distintos colectivos, sindicatos, partidos políticos, etc. Así mismo, se utilizaron como referencia planes de igualdad de otras comunidades autónomas, el plan autonómico y de otros documentos de interés.
- Fase de seguimiento. Todo el proceso de implantación del Plan nos permitirá conocer su desarrollo posibilitando la introducción de ajustes y correcciones “ad hoc” con el objeto de adaptarse a nuevas circunstancias y/o solucionar dificultades. Se elaboraran informes mensuales con los indicadores que se establezcan inicialmente, así como una memoria anual.
- Fase final. La evaluación final nos permitirá conocer tanto los resultados obtenidos como el grado de ejecución de las acciones previstas y el impacto en la sociedad. La información que se recoge proviene tanto de las personas destinatarias del Plan como de las entidades y personal técnico responsable de su ejecución.

En el proceso de evaluación se atenderá a diferentes aspectos:

- Resultados: de tipo cuantitativo, hacen referencia a la ejecución de cada actividad.
- Desarrollo: de tipo organizativo, incluye la coordinación, la colaboración entre entidades, la eficacia y la eficiencia así como las dificultades detectadas.
- Impacto en la sociedad: permite analizar los cambios en la sociedad en general y en los grupos destinatarios del Plan. Se utilizará un sistema de indicadores desagregado por sexo.
- Cobertura: se determina si las necesidades detectadas inicialmente se cubrieron y si llegaron las actuaciones previstas a la población a la cual iban dirigidas.



II PLAN  
de IGUALDADE  
entre HOMES  
e MULLERES  
CONCELLO  
de LUSO



**II PLAN  
de Igualdad  
entre hombres  
y mujeres  
CONCELLO  
de LU90**

## ■ II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Homes e Mulleres do Concello de Lugo

Este documento contén as achegas dos grupos municipais e sindicais, ademais das propias da Fundación MUJERES, para elaborar o II Plan de igualdade de homes e mulleres de Lugo. Este documento estrutúrase en 9 áreas:

1. A igualdade na Administración local
2. Participación cidadá
3. Educación, cultura e deporte
4. Formación e emprego
5. Violencia de xénero
6. Difusión, sensibilización e comunicación
7. Calidade de vida: saúde, lecer e tempo libre
8. Servizos sociais, solidariedade e inmigración
9. Urbanismo, medio ambiente e accesibilidade

Por cada unha das áreas de intervención, establécense:

- Obxectivos específicos.
- Actuacións concretas.
- Axentes implicados.

A participación nas liñas de intervención de cada área será técnica, política e cidadá traballando conxuntamente para incorporar a igualdade entre mulleres e homes en todas as políticas, programas e actuacións do Concello.

### **DURACIÓN**

O "II plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Lugo" desenvolveráse no período 2008-2011.

## ■ II Plan de Igualdad de Oportunidades entre Hombres y Mujeres del Concello de Lugo

Este documento contiene las ideas de los grupos municipales y sindicales, además de las propias de la Fundación MUJERES, para elaborar el II Plan de igualdad de hombres y mujeres de Lugo. Este documento se estructura en 9 áreas:

1. La igualdad en la Administración local
2. Participación ciudadana
3. Educación, cultura y deporte
4. Formación y empleo
5. Violencia de genero
6. Difusión, sensibilización y comunicación
7. Calidad de vida: salud, ocio y tiempo libre
8. Servicios sociales, solidaridad e inmigración
9. Urbanismo, medio ambiente y accesibilidad

Por cada una de las áreas de intervención, se establecen:

- Objetivos específicos.
- Actuaciones concretas.
- Agentes implicados.

La participación en las líneas de intervención de cada área será técnica, política y ciudadana trabajando conjuntamente para incorporar la igualdad entre mujeres y hombres en todas las políticas, programas y actuaciones del Concello.

### **DURACION**

El "II plan de Igualdad entre Mujeres y Hombres del Concello de Lugo" se desarrollará en el periodo 2008-2011.



Área 1  
a Igualdade na  
Administración  
Local





área 1

La Igualdad en  
La Administración  
Local

## ■ OBXECTIVO

**1.1.** Introducir a perspectiva de xénero na organización a nivel interno como garante do compromiso coas políticas de igualdade.

## ■ ACCIÓNS

**1.1.1.** Creación dun Observatorio de Xénero Municipal encargado de profundar na análise da realidade do noso municipio en relación coa igualdade de oportunidades.

**1.1.2.** Visibilizar o traballo levado a cabo polo Foro de Igualdade municipal.

**1.1.3.** Introducción da perspectiva de xénero en todas as análises e estudos que se realicen no municipio para avanzar no coñecemento da situación actual da muller no Concello.

**1.1.4.** Revisión da documentación administrativa utilizada na xestión municipal para a incorporación da perspectiva de xénero.

**1.1.5.** Establecemento de mesas paritarias en calquera acto realizado desde a propia Administración local.

**1.1.6.** Realización, seguimento e valoración de informes de impacto de xénero das accións postas en marcha desde a Administración local.

**1.1.7.** Instar a todos os departamentos e áreas da Administración local para que se contemplen os datos desagregados por sexo en todos os estudos, informes, plans, etc.

**1.1.8.** Introducción da variable sexo en todos os procedementos de recollida de información, así como nas bases de datos e estatísticas municipais.

**1.1.9.** Realización dunha diagnose e análise sobre a conciliación da vida persoal e laboral a nivel interno co persoal traballador do Concello para deseñar un plan de acción en materia de conciliación ou de propostas para mellorar a xestión dos recursos humanos no Concello.

**1.1.10.** Facilitar a conciliación da vida laboral, persoal e familiar do persoal municipal, sen prexuízo da calidade do servizo ofrecido á poboación.

**1.1.11.** Adaptación dos horarios dos servizos municipais con relación ás necesidades da cidadanía para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar, no marco dos Plans municipais de organización do tempo das cidades.

## ■ OBJETIVO

**1.1.** Introducir la perspectiva de género en la organización a nivel interno como garantía del compromiso con las políticas de igualdad.

## ■ ACCIONES

**1.1.1.** Creación de un Observatorio de Género Municipal encargado de profundar en el análisis de la realidad de nuestro municipio en relación con la igualdad de oportunidades.

**1.1.2.** Visualizar el trabajo llevado a cabo por el Foro de Igualdad municipal.

**1.1.3.** Introducción de la perspectiva de género en todos los análisis y estudios que se realicen en el municipio para avanzar en el conocimiento de la situación actual de la mujer en el Concello.

**1.1.4.** Revisión de la documentación administrativa utilizada en la gestión municipal para la incorporación de la perspectiva de género.

**1.1.5.** Establecer mesas paritarias en cualquier acto realizado desde la propia Administración local.

**1.1.6.** Realización, seguimiento y valoración de informes de impacto de género de las acciones puestas en marcha desde la Administración local.

**1.1.7.** Instar a todos los departamentos y áreas de la Administración local para que se contemplen los datos desagregados por sexo en todos los estudios, informes, planes, etc.

**1.1.8.** Introducción de la variable sexo en todos los procedimientos de recogida de información, así como en las bases de datos y estadísticas municipales.

**1.1.9.** Realización de un diagnóstico y análisis sobre la conciliación de la vida personal y laboral a nivel interno con el personal trabajador del Concello para diseñar un plan de acción en materia de conciliación o de propuestas para mejorar la gestión de los recursos humanos en el Concello.

**1.1.10.** Facilitar la conciliación de la vida laboral, personal y familiar del personal municipal, sin perjuicio de la calidad del servicio ofrecido a la población.

**1.1.11.** Adaptación de los horarios de los servicios municipales con relación a las necesidades de la ciudadanía para favorecer la conciliación de la vida laboral, personal y familiar, en el marco de los Planes municipales de organización del tiempo de las ciudades.

Axentes implicados: Comité de Empresa, Xunta de Persoal, todas as concellerías, etc.

#### ■ **OBXECTIVO**

**1.2.** Formar en materia de igualdade de oportunidades o persoal dos diferentes departamentos municipais.

#### ■ **ACCIÓN**

**1.2.1.** Realizar accións formativas en igualdade de oportunidades dirixidas ao persoal do Concello, tanto a cargos políticos como técnicos, considerando a dita formación inherente ao desempeño profesional, e valorable no concurso de méritos para persoal técnico.

**1.2.2.** Asesorar e formar a todo o persoal político e técnico na transversalidade de xénero para a definición de políticas e presupostos locais.

Axentes implicados: todas as concellerías.

#### ■ **OBXECTIVO**

**1.3.** Favorecer a utilización dunha linguaxe non sexista en toda a documentación administrativa.

#### ■ **ACCIÓN**

**1.3.1.** Normalizar o uso dunha linguaxe non sexista nas disposicións, normativas, expedientes, comunicacións e demais documentos da Administración local facilitando o uso dun corrector de linguaxe non sexista.

**1.3.2.** Difusión das guías e manuais de procedemento elaborados con recomendacións para evitar o emprego dunha linguaxe sexista, e distribuílos entre o persoal do Concello.

**1.3.3.** Facer unha análise das publicacións e programas municipais velando polo coidado da imaxe das mulleres.

Axentes implicados: concellerías, medios de comunicación, etc.

Agentes implicados: Comité de Empresa, Junta de Personal, todas las concejalías, etc.

## ■ OBJETIVO

**1.2.** Formar en materia de igualdad de oportunidades al personal de los diferentes departamentos municipales.

## ■ ACCIONES

**1.2.1.** Realizar acciones formativas en igualdad de oportunidades dirigidas al personal del Concello, tanto a cargos políticos como técnicos, considerando dicha formación inherente al desempeño profesional, y valorable en el concurso de méritos para personal técnico.

**1.2.2.** Asesorar y formar a todo el personal político y técnico en la transversalidad de género para la definición de políticas y presupuestos locales.

Agentes implicados: todas las concejalías.

## ■ OBJETIVO

**1.3.** Favorecer la utilización de un lenguaje no sexista en toda la documentación administrativa.

## ■ ACCIONES

**1.3.1.** Normalizar el uso de un lenguaje no sexista en las disposiciones, normativas, expedientes, comunicaciones y demás documentos de la Administración local facilitando el uso de un corrector de lenguaje no sexista.

**1.3.2.** Difusión de las guías y manuales de procedimiento elaborados con recomendaciones para evitar el empleo de un lenguaje sexista, y distribuirlos entre el personal del Concello.

**1.3.3.** Hacer un análisis de las publicaciones y programas municipales velando por el cuidado de la imagen de las mujeres.

Agentes implicados: concejalías, medios de comunicación, etc.



área 1  
participación  
ciudadá



área 2

participación  
ciudadana

## ■ OBXECTIVO

**2.1.** Promover a participación social e política das mulleres.

## ■ ACCIÓNS

**2.1.1.** Análise da presenza das mulleres nos diferentes ámbitos de participación municipal.

**2.1.2.** Seguir realizando campañas de sensibilización durante todo o ano, ademais do día 8 de marzo, 25 de novembro, sobre a importancia, necesidade e contribucións específicas que supón a participación das mulleres nas esferas de toma de decisións, espazos políticos e consultivos de todos os ámbitos.

**2.1.3.** Priorizar na selección de actividades do propio Concello aquelas xeradas por mulleres, con contidos de xénero ou que propicien a diversidade e pluralidade das mulleres.

**2.1.4.** Continuar visibilizando a modo de boa práctica aquelas empresas que contemplan medidas para a igualdade e faciliten a participación das mulleres.

**2.1.5.** Facilitar o coñecemento e manexo das TIC as mulleres, reservando unha porcentaxe de prazas nestes programas de formación.

**2.1.6.** Desenvolver liñas de actuación de cara á eliminación das barreiras que sofren as mulleres do ámbito rural no acceso a educación, sanidade, emprego, etc., e fomentar a súa participación na toma de decisións como contribución á eliminación dos tradicionais desequilibrios existentes entre homes e mulleres.

Axentes implicados: Concellería de Muller e Benestar Social, Servizos Xerais, Economía e Zona Rural, centros de ensino, etc.

## ■ OBXECTIVO

**2.2.** Impulsar a participación das mulleres no tecido asociativo do municipio mediante a dinamización e o apoio continuo.

## ■ ACCIÓNS

**2.2.1.** Realizar e difundir un directorio no web do Concello actualizado que facilite información sobre as asociación de mulleres ou mixtas que contén con áreas específicas de muller ou igualdade da provincia de Lugo.



## ■ OBJETIVO

2.1. Promover la participación social y política de las mujeres.

## ■ ACCIONES

2.1.1. Análisis de presencia de las mujeres en los diferentes ámbitos de participación municipal.

2.1.2. Seguir realizando campañas de sensibilización durante todo el año, además del día 8 de marzo, 25 de noviembre, sobre la importancia, necesidad y contribuciones específicas que supone la participación de las mujeres en las esferas de toma de decisiones, espacios políticos y consultivos de todos los ámbitos.

2.1.3. Priorizar en la selección de actividades del propio Concello aquellas generadas por mujeres, con contenidos de género o que propicien la diversidad y pluralidad de las mujeres.

2.1.4. Continuar visibilizando a modo de buena práctica aquellas empresas que contemplen medidas para la igualdad y faciliten la participación de las mujeres.

2.1.5. Facilitar el conocimiento y manejo de las TIC a las mujeres, reservando un porcentaje de plazas en estos programas de formación.

2.1.6. Desarrollar líneas de actuación de cara a la eliminación de las barreras que sufren las mujeres del ámbito rural en el acceso de la educación, sanidad, empleo, etc., y fomentar su participación en la toma de decisiones como contribución a la eliminación de los tradicionales desequilibrios existentes entre hombres y mujeres.

Agentes implicados: Concejalía de Mujer y Bienestar Social, Servicios Generales, Economía y Zona Rural, centro de enseñanza, etc.

## ■ OBJETIVO

2.2. Impulsar la participación de las mujeres en la red asociativa del municipio mediante la dinamización y el apoyo continuo.

## ■ ACCIONES

2.2.1. Realizar y difundir un directorio en la web del Concello actualizado que facilite información sobre las asociaciones de mujeres o mixtas que cuenten con áreas específicas de mujer o igualdad de la provincia de Lugo.

**2.2.2.** Potenciación do traballo en rede das mulleres a nivel local, a través da colaboración conxunta de actividades e de facilitar de espazos que propicien os seus encontros e actividades.

**2.2.3.** Fomentar o movemento feminista existente no Concello, visibilizando o seu labor para animar as mulleres a participar nel.

**2.2.3.** Realización de obradoiros formativos en materia de xénero para asociacións e colectivos que desenvolvan a súa actividade no Concello.

**2.2.4.** Fomentar a través dunha campaña de sensibilización a representación paritaria nas asociacións mixtas: veciñais, empresariais, etc.

**2.2.5.** Continuar co servizo de asesoramento gratuíto en materia legal, fiscal, subvencións, etc., tanto para a creación de asociacións de mulleres coma para aquelas que xa están constituídas.

**2.2.6.** Manter as redes de colaboración coas asociacións de mulleres do medio rural nas actividades que estas desenvolvan e no deseño dos seus programas.

